

Bases

O Concello de Santiago e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela convocan o Premio Manuel Beiras co fin de outorgar un recoñecemento público ao esforzo de normalización do uso do galego no sector empresarial, de especial importancia para este obxectivo, lembrando á vez a figura dun histórico comerciante compostelán destacado loitador da nosa cultura e da nosa lingua.

A convocatoria, constitución do xurado, elección das entidades ou persoas premiadas e demais características desta distinción recóllense nas seguintes bases.

1. Con este premio preténdese distinguir aquelas empresas que fagan un uso normalizado da lingua galega nas súas actividades comerciais e de comunicación.

O Premio Manuel Beiras terá carácter de distinción pública e, polo tanto, materializarase nun elemento simbólico de carácter artístico entregado ás persoas ou entidades premiadas nun acto protocolario, sen que leve engadido ningún beneficio económico.

2. Convócanse as seguintes categorías do premio:

- Empresas que veñan realizando un uso continuado da lingua galega.
- Empresas que se incorporaran recentemente ao uso do galego.

3. Tamén poderá outorgarse unha distinción especial a unha persoa ou entidade que se destacara pola súa contribución á normalización da lingua no mundo empresarial, ben sexa polo seu labor de promoción do idioma, de difusión ou por algún outro apoio significativo a este proceso.

4. Poden concorrer a este premio as empresas radicadas no Concello de Santiago de Compostela, entendendo aquelas que teñen a súa sede social no municipio ou que realizan unha importante actividade nel.

5. As empresas poderán presentar directamente a súa candidatura ou seren propostas por calquera persoa ou entidade, xustificando na medida do posíbel os méritos con que contén.

6. As empresas candidatas, para manter esta condición, deberán acceder a facilitar información ao xurado acerca dos usos lingüísticos na súa comunicación interna e externa.

7. O xurado estará formado polos seguintes membros:

- Representante do Concello de Santiago.
- Representante da Cámara de Comercio.
- Representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Representante da Universidade de Santiago de Compostela.
- Representante dunha asociación en defensa da lingua.
- Representante do Colexio Oficial de Xornalistas.
- Representante dunha asociación de consumidores.
- Representante de cada unha das empresas premiadas na edición anterior.
- A persoa ou entidade distinguida co galardón especial na edición anterior

A presidencia do xurado recaerá en anos alternos no Concello de Santiago e na Cámara de Comercio, correspondendo a do ano 2016 ao Concello de Santiago. Realizará as funcións de secretaria unha persoa designada pola presidencia, que asistirá ás xuntanzas do xurado con voz e sen voto.

8. O xurado, que poderá propor tamén candidaturas, seleccionará os/as premiados de acordo coa finalidade do premio, podendo optar por deixalo deserto na súa totalidade ou nalgunha das categorías. A súa decisión será inapelábel.

9. Os premios serán entregados nun acto público ao que se dará difusión polos medios que as entidades convocantes acorden.

10. As empresas ou entidades premiadas poderán mencionar na súa comunicación a posesión desta distinción, e mesmo incluír esta mención na súa publicidade ou papelería.

